

SR ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEAREAS

(...) ESQUERDA UNIDA – IZQUIERDA UNIDA

Apresenta para o seu debate no vindeiro Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:

MOTIVOS:

O mapa sanitario do 2.002 definido pola Consellería de Sanidade divide a Galicia en 11 áreas sanitarias e 3 grandes rexións: Norte, Centro e Sur, con cabeceira en Coruña, Santiago e Vigo respectivamente. Según isto, a cidade de Vigo é cabeceira da maior área e rexión sanitaria, xa que presta asistencia a unha poboación de 532.000 persoas, sendo rexión de referencia para 1.203.000 (Ourense e a área sur da provincia de Pontevedra). Isto representa un 60% máis que as outras rexións, ó que se engade que en termos demográficos somos a poboación máis nova e a de máis rápido crecemento.

A pesar diso, os recursos asistenciais cos que contamos non gardan relación con esta realidade, habendo en termos de equidade unhas grandes diferenzas territorias, acaparando as rexións Norte e Centro a maior parte destes recursos, especialmente no que respecta á atención especializada, maiormente a hospitalaria. Así, na Coruña, para atender unha poboación de 470.000 persoas, cóntase con 1.404 camas públicas de agudos. En Santiago, para atender a unha poboación de 354.000 persoas dispoñen de 1.175 camas. En Vigo, para atender a 531.000 persoas temos 1.089 camas públicas e 473 camas dun hospital privado, das cuais un número non definido teñen uso público.

Ademais na área de Vigo prodúcense unhas circunstancias que non se dan noutras áreas de Galicia: a existencia de 2 hospitais públicos de agudos (o que xa de por sí é un factor de descoordinación e dispersión de recursos), ó que ademais engádeselle a a existencia de POVISA como hospital privado-concertado, sendo este o hospital de referencia para unha parte da poboación que se sinte discriminada en comparación cos recursos tanto humanos como materiais, calidade asistencial, dificultade de acceso ó servizos hospitalarios, falta de unidades que dispoñen os hospitais públicos, e tempos de espera para consultas/intervencións a respecto da poboación atendida polos outros dous hospitais públicos.

Así mesmo a Atención Primaria, está infra dotada de recursos humanos e materiais que fan que as cidadás e cidadáns teñan que desprazárense para realizar probas diagnósticas, técnicas e tratamentos que poderían realizarse na nosa comarca.

Polo antedito ESQUERDA UNIDA-IZQUIERDA UNIDA propón adopción dos seguintes

ACORDOS:

O Pleno da Corporación Municipal demanda á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

- A construción dun hospital público de referencia que dispoña de todos os servizos e especialidades e a súa construción urxente. Este novo hospital debe incorporar as áreas atendidas actualmente polo Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) e do hospital privado POVISA, e integrar os servizos do Instituto Galego de Medicina Técnica (MEDTEC).
- Que entre tanto, se adouen unha serie de MEDIDAS URXENTES para aliviar a situación que soportan os pacientes atendidos por este centro privado: Un plan de choque para reducir as listas de espera. Unha auditoría que estudie as irregularidades e problemas asistenciais denunciados polos usuarios do mesmo. Servizos similares ós do resto da área como a hospitalización a domicilio, cuidados paliativos, etc.
- Que se achegue a atención especializada, descentralizando as consultas externas cara ás zonas de peor acceso.
- Que se incrementen os recursos a Atención Primaria, priorizando as zonas máis atrasadas.
- Que se creen os órganos de Participación Comunitaria.
- Que os orzamentos de Xunta de Galicia do ano se contemplel a creación destas infraestruturas.

Ponteareas, 11 de maio de 2.006

Asinado : Román Alonso
Coordenador local de EU-IU